



## **CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA A ORGANIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DO MERCADO MARIÑEIRO TRADICIONAL DAS XXI XORNADAS DE CULTURA MARIÑEIRA “MUROS MIRA AO MAR”**

O Concello de Muros anuncia a convocatoria para a contratación, mediante a modalidade de contrato menor de servizos, da organización e dinamización do Mercado Mariñeiro Tradicional das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar”.

### **1. CONDICIÓN DO SERVIZO**

O Mercado Mariñeiro tradicional das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar” celebrarase os días 10, 11 e 12 de xullo de 2026.

A empresa contratada deberá asumir, entre outras, as seguintes funcións:


- A promoción previa do mercado mariñeiro.
- A inscrición e selección de postos variados de venda e exhibición de produtos propios dun mercado mariñeiro tradicional, garantindo unha estética e decoración acordes coa temática do evento, recreando un mercado de ambiente mariñeiro do século XX (non se admitirán propostas de carácter medieval ou similar).
- A dinamización e animación do mercado durante os tres (3) días de celebración, mediante actividades como espectáculos, obradoiros, pasarrúas ou outras propostas culturais e participativas.
- A coordinación coa organización para a xestión e distribución dos espazos e dos postos, así como a integración das propostas de participación das entidades, clubs ou empresas do Concello de Muros.
- A organización, supervisión e coordinación da montaxe e desmontaxe do mercado, de acordo coas indicacións da organización das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar”.

O importe máximo do contrato será de 6.000,00 € (impostos incluídos).

### **2. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS PROPOSTAS**

Na valoración das propostas presentadas teranse en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

- A oferta de actividades lúdicas e culturais atractivas para o público durante a celebración das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar”.



- O número e tipo de postos de venda e exhibición do mercado, así como a tarifa que a empresa aplicará aos diferentes postos participantes.
- A ambientación e caracterización dos postos e das persoas ao fronte destes.
- O compromiso de cumprir co programa establecido pola comisión organizadora das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar” 2026, así como a presentación previa da relación de postos participantes, que deberá contar co visto e prace da comisión organizadora.
- A proposta de actividades complementarias, como demostracións, obradoiros ou outras actividades culturais e divulgativas.
- A promoción previa do mercado mariñeiro.
- O control da ambientación e caracterización das propostas expositivas, así como a organización e supervisión da montaxe e desmontaxe do mercado mariñeiro.
- O compromiso de que toda a rotulación dos postos (cartas, menús, anuncios, listaxes de prezos, etc.) se realice en lingua galega.

### **3. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA**

A empresa adxudicataria deberá garantir que os postos participantes cumpran coa normativa vixente en materia sanitaria, de seguridade alimentaria, consumo e venda ambulante, así como coas obrigas fiscais correspondentes.

Así mesmo, deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos que poidan derivarse da organización e funcionamento do mercado mariñeiro no marco das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar”.

### **4. DOCUMENTACIÓN**

As empresas interesadas deberán presentar unha proposta coa seguinte documentación:

- Memoria técnica, económica e de actividades, na que se detalle a proposta de organización do mercado.
- Oferta económica detallada, indicando o custo total do servizo.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para contratar coa Administración e de atoparse ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Seguro de responsabilidade civil da empresa.



- Opcionalmente, poderá presentarse un proxecto ou proposta complementaria que amplíe ou mellore a proposta presentada.

## **5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes será do 6 ao 17 de abril de 2026 ás 14:00 h.

## **6. LUGAR DE PRESENTACIÓN**

As solicitudes poderán presentarse:

- A través da sede electrónica municipal: [sede.muros.gal](https://sede.muros.gal)

## **7. DISPOSICIÓN FINAL**

O Concello de Muros resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se ningunha das propostas presentadas se considera axeitada aos intereses das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar” 2026.